



Tempo de Lecer Ourense

(/)

Novas

Prevese a participación de 300 xogadores entre 6 e 18 anos

O Festival Internacional de Xadrez celebra a súa VIII edición este domingo en Expourense

É unha proba puntuable para o Circuito Galego



Actividade: Presentación do VIII Festival Internacional de Xadrez.

Data: Domingo, 1 de novembro de 2015.

Horario: De 11.00 a 19.30 horas.

Lugar: Expourense.

Inscripción: Gratuita, a través do envío dun mail a traxerxadrez@hotmail.com.

Organiza: Expourense, coa dirección técnica do Club Xadrez Ourense.

Máis información: Na web www.xadrezourense.com (<http://www.xadrezourense.com>.)

Ourense, 27 de outubro de 2015


Me gusta

Baixo o lema *Deporte e Ciencia para a Xuventude* chega á cidade á oitava edición do Festival Internacional de Xadrez Ourense 2015 que terá lugar o **domingo, día 1 de novembro**, en Expourense. Este torneo é a penúltima proba puntuable do Circuito Galego 2015, que se ven

disputando dende maio ata novembro pola xeografía galega e composto por 15 probas puntuables disputadas ao longo de toda Galicia. Logo de 8 anos, este festival é xa unha proba completamente consolidada no calendario galego.

O festival presentouse este martes Salón de Plenos do Concello de Ourense, nun acto ao que asistiron o concelleiro de Deportes de Ourense; Mario Guede, o director do Clube Xadrez Ourense, Elías González e a directora de Administración de Expourense, Cristina Álvarez. Todos eles sinalaron a Ourense como berce de grandes xadrecistas destacando a figura de Iván Salgado, Gran Mestre, ou de Martón Gómez que disputa estes días en Grecia o Campionato do Mundo.

Unha cidade con talento



O concelleiro de Deportes indicou que “este festival é unha cita inaludible para todos os federados e pon en valor que Ourense é unha cidade con talento nesta disciplina”. Pola súa parte, a directora de Administración de Expourense destacou que “actividades coma esta dinamizan ademais a vida socioeconómica de Ourense, xa que despraza a moitas familias de fóra que aproveitarán para visitar a cidade e os seus establecementos hoteleiros. Este festival conta ademais coa presenza de xogadores de Portugal, co que se reforza a cooperación transfronteiriza que é un aspecto que potenciamos en todas as actividades que promovemos dende Expourense”.

O director do Clube Xadrez Ourense, Elías González, sinalou que “Ourense é xa unha referencia nacional como canteira de xadrecistas” e destacou o feito de que “30 centros escolares da provincia xa teñen o xadrez como actividade extraescolar o que vai contrubuír á introducción progresiva do

xadrez nas aulas”.

Organizado por Expourense e coa dirección técnica do Club Xadrez Ourense, a oitava edición deste Festival contará con entre 250 e 300 participantes, que serán xoves de entre 6 e 18 anos, escolares e federados procedentes de toda Galicia, Castela León e Portugal. Esta proba conta co patrocinio do Concello de Ourense e do seu Consello Municipal de Deportes.

Deportistas con ránking internacional

O evento contará preto de 50 xoves deportistas con ránking internacional feito que, unido á calidade dos premios e a cantidade dos deportistas reunidos convirte a esta cita ourensá nunha das tres máis relevantes citas do panorama Nacional para xoves.

Todos aqueles que desexen participar neste torneo aínda poden facelo **ata o venres día 30 de Outubro ás 15.00 horas**. A inscrición é gratuíta e pode facerse a través do envío dun mail a traxerxadrez@hotmail.com. Existe información continuamente actualizada do evento na web www.xadrezourense.com.

Poderán participar neste festival os xogadores nados dende o 1997 en adiante. O torneo comezará o **domingo, día 1 de novembro, ás 11.00** da mañá co recibimento aos participantes e coa indicación das directrices técnicas por parte da dirección técnica. A competición xogarase polo Sistema Suízo a 7 roldas. Obterán trofeos especiais os cinco primeiros clasificados de cada categoría. Todos os participantes recibirán un trofeo conmemorativo da súa participación neste festival. A organización ten preparados numerosos sorteos e premios sorpresa entre os participantes. A entrega está prevista sobre as **19.30 horas** do domingo.

A información completa e as últimas novidades sobre este torneo poden atoparse na páxina web www.xadrezourense.com (<http://www.xadrezourense.com>)

Ver máis novas... (</novas/todas>)

0 comentarios

Ordenar por: **Destacados**



Añade un comentario...

 Facebook Comments Plugin

Eventos relacionados



(/eventos/consultar/16000/viii_festival_internacional_de_xadrez)

01/11/2015

11:00h

Expourense (Ourense)

VIII Festival Internacional de Xadrez (/eventos/consultar/16000/viii_festival_internacional_de_xadrez)

Quen somos (/eventos/quensomos) | Contactar (/eventos/contactar) | Aviso Legal (/eventos/avisolegal)

© 2009 - TDLOU